

## **RESOLUCIÓN REITORAL DO 23/11/2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS ACTIVIDADES POLAS QUE SE RECOÑECEN CRÉDITOS NOS ESTUDOS DE GRAO, POLA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES UNIVERSITARIAS DE COOPERACIÓN, SOLIDARIAS, CULTURAIS, DEPORTIVAS, E DE REPRESENTACIÓN ESTUDANTIL**

De acordo co disposto na normativa mediante a que se establece o procedemento para o recoñecemento académico de créditos pola participación en actividades universitarias nos graos da UDC, aprobada por acordo do Consello de Goberno do 27/04/2023,

RESOLVO:

**Primeiro.** Aprobar as actividades universitarias susceptibles de recoñecemento académico en créditos, de acordo co disposto no artigo 10.9.c) do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, que constan nos anexos I e II desta resolución.

**Segundo.** Derrogar a Resolución reitoral da UDC 02/05/2023.

### **ANEXO I**

#### **RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS AO ABEIRO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 10.9.c) DO REAL DECRETO 822/2021, DO 28 DE SETEMBRO, POLAS SEGUINTE ACTIVIDADES:**

##### **1. REPRESENTACIÓN DO ESTUDANTADO NOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE REPRESENTACIÓN DA UNIVERSIDADE, E NOURAS COMISIÓNS**

1.1. A representación do estudantado poderá dar lugar ao recoñecemento de créditos sempre que se realice como:

a) representante do estudantado no Claustro, o Consello de Goberno ou o Consello Social.

b) representante do estudantado en consellos de departamento, xuntas de centro ou consellos de institutos universitarios.

c) representante do estudantado na Comisión Interna da Universidade (Programa Docencia).

d) representante do estudantado nos Comités de Avaliación Docente (Programa Docencia).

1.2. Recoñeceranse 1,5 créditos por curso académico ou fracción, sempre e cando esta comprenda, como mínimo, a extensión dun cuadrimestre lectivo do curso académico.

1.3. Para estes efectos, o estudantado interesado solicitará a acreditación correspondente ante a Secretaría Xeral -para a representación dos apartados a) e b)- e ante a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente -para a representación dos apartados c) e d)- ou, de ser o caso, ante o secretario do órgano

que corresponda, coa indicación das datas de inicio e de remate da súa participación. O/a secretario/a xeral da UDC ou o/a vicerreitor/a de Planificación Académica e Innovación Docente, ou, de ser o caso, o/a secretario/a do órgano que corresponda, acreditará, mediante unha certificación, a realización efectiva da representación.

## 2. ACTIVIDADES DEPORTIVAS

O estudiantado da UDC poderá obter recoñecemento de créditos a través das seguintes actividades deportivas organizadas ou promovidas pola Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte:

2.1. Formación nas escolas deportivas da UDC: 4 créditos por escola, con asistencia anual, e 2 créditos por escola, con asistencia cuatrimestral.

2.2. Asistencia a cursos de formación deportiva: 1,5 créditos cada 15 horas, ata un máximo de 12 créditos.

2.3. Asistencia a actividades dirixidas de exercicio e saúde: 4 créditos por actividade, con asistencia anual, e 2 créditos por actividade, con asistencia cuatrimestral.

2.4. Participación en competicións deportivas:

Ligas universitarias: de 10 ou máis equipos, 3 créditos ás tres primeiras persoas clasificadas, e de menos de 10 equipos, só ao campión ou campiona da liga.

2.5. Equipos federados propios da UDC: 3 créditos por curso académico.

2.6. Campionatos universitarios:

- internos: de 10 ou máis participantes, 2 créditos ás tres primeiras persoas clasificadas, e de menos de 10 participantes, só ao campión ou campiona.
- Galegos: nas modalidades individuais, 3 créditos ás tres primeiras persoas clasificadas, e nas modalidades de equipo, só ao campión ou campiona.
- fase interzonal: 3 créditos.
- de España: 4 créditos e, no caso de obter medalla, 2 créditos máis.
- Universiada, campionatos de Europa e do Mundo ou Xogos Olímpicos: 12 créditos.
- deportistas de alto nivel: 5 créditos por representaren a Universidade da Coruña na fase final dos campionatos de España, Europa ou do Mundo.

2.7. Xogos Galaico-Durienses: 1 crédito por participar, e 2 créditos máis en caso de quedar entre ás tres primeiras persoas clasificadas.

Para poder recoñecer estes créditos será condición indispensable a asistencia, cando menos, ao 85 % da actividade programada pola Área de Deportes (escolas deportivas, cursos de formación, actividades dirixidas, competicións, equipos federados, campionatos universitarios, xogos Galaico- Durienses). Para os efectos da imputación de créditos, estes non se poderán solicitar por participar en máis de dúas escolas deportivas ou cursos por estudante e por ano académico, ou, no caso das ligas deportivas, en máis de dúas ligas por estudante e por ano académico.

Para os efectos de recoñecemento, o estudiantado interesado solicitará a acreditación correspondente ante a Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.



### **3. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE DIVULGACIÓN PROMOVIDAS E/OU COORDINADAS POLA VICERREITORÍA DE IGUALDADE, CULTURA E DEPORTE**

Ao estudiantado da UDC poderán recoñecérselle créditos pola súa participación nos programas que se detallan a seguir:

3.1. Actor ou actriz nunha obra dramática producida pola Aula de Teatro e Danza da UDC: 4 créditos por curso académico.

3.2. Participación como bailarín ou bailarina nunha produción de danza anual da Aula de Teatro e Danza da UDC: 4 créditos por curso académico.

3.3. Integración no Coro Universitario da UDC: 4 créditos por curso académico.

3.4. Participación en obradoiros, cursos de teatro, danza, cinema e equivalentes: 1,5 créditos cada 15 horas, ata un máximo de 3 créditos por actividade.

3.5. Participación en obradoiros desenvolvidos pola Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC: 1 crédito cada 10 horas, ata un máximo de 3 créditos por curso. A coordinadora da Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC fará un informe da actividade realizada.

3.6. Participación en actividades culturais e educativas organizadas entre a universidade e outras institucións mediante o correspondente convenio de colaboración: ata un máximo de 3 créditos por actividade.

Para estes efectos, o estudiantado interesado solicitará a acreditación correspondente ante a Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

Para poder obter o recoñecemento será condición a asistencia, cando menos, ao 85 % das actividades. Para os efectos da imputación de créditos, estes non se poderán solicitar por participar en máis de dous obradoiros por estudante e por curso académico.

### **4. ACTIVIDADES ORGANIZADAS AO ABEIRO DAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS OU ORGANIZADAS POLA VICERREITORÍA DE IGUALDADE, CULTURA E DEPORTE**

4.1. Participación en cursos de verán oficiais da UDC: 1,5 créditos por cada 15 h., máximo 3 créditos por cada curso.

4.2. Participación en cursos de extensión universitaria: 1 crédito por cada 15 horas, máximo 3 créditos por cada curso.

4.3. Participación en actividades organizadas polos centros, departamentos, institutos universitarios e o persoal docente e investigador: 1,5 créditos por cada 15 horas de actividade.

Para estes efectos, o estudiantado interesado solicitará a acreditación correspondente ante a Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **5. ACTIVIDADES ORGANIZADAS AO ABEIRO DAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS E DE REPRESENTACIÓN DO ESTUDANTADO NOS ÓRGANOS QUE SEXAN COMPETENCIA DA VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EMPREGABILIDADE**

5.1. Participación en actividades organizadas polas asociacións de estudantes inscritas no Rexistro de Asociacións de Estudantes da UDC: 1,5 créditos por cada 15 horas de actividade, ata un máximo de 3 créditos por actividade.

5.2. Participación en actividades no Programa “Correspondentes universitarios”: 1 crédito por cada 10 horas, ata un máximo de 3 créditos por curso. Os coordinadores do programa do centro correspondente farán un informe da actividade realizada.

5.3. Participación en actividades de difusión e divulgación das titulacións, promovidas e organizadas polo Servizo de Estudantes: 1 crédito cada 10 horas, ata un máximo de 3 créditos por curso académico. O/a xefe/a do Servizo de Estudantes realizará un informe sobre a actividade desenvolvida.

5.4. Representantes do estudantado no Consello de Residentes da Residencia Universitaria Elvira Bao e da Residencia Universitaria Pública de Ferrol: 1,5 créditos por curso académico ou fracción, sempre e cando esta comprenda, como mínimo, a extensión dun cuadrimestre lectivo do curso académico.

O estudantado interesado poderá solicitar a acreditación ante a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **6. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN PROGRAMAS DE EMPREGABILIDADE, EMPRENDEMENTO E XERACIÓN DE TALENTO ORGANIZADOS OU PROMOVIDOS POLA VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EMPREGABILIDADE**

O estudantado que realizase programas formativos relacionados co coñecemento de ferramentas básicas para a adquisición de habilidades que favorezan a súa futura empregabilidade e supoñan unha promoción do talento obterá o correspondente recoñecemento, de acordo cos seguintes criterios e procedementos:

6.1. Recoñecerase 1 crédito por cada 10 horas de formación en programas de empregabilidade e de xeración de talento.

6.2. No caso de programas de emprendemento promovidos por esta vicerreitoría, o estudantado poderá obter 3 créditos, sempre e cando a entidade promotora certifique que completou o programa.

O estudantado interesado poderá solicitar a acreditación ante a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **7. ACTIVIDADES DE INTERNACIONALIZACIÓN ORGANIZADAS POLA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS (ORI)**

O estudiantado da UDC poderá obter o recoñecemento de créditos nas seguintes actividades de internacionalización:

7.1. Participación no programa de acollida de estudantes internacionais, incluídos os programas mentoring dos distintos centros: 1,5 créditos por semestre.

7.2. Participación en programas académicos específicos, organizados ou nos que a UDC sexa socia, que obtiveran financiamento con cargo aos programas de educación da Unión Europea: máximo 3 créditos. O estudiantado entregará un informe do coordinador no momento de realizar a solicitude.

7.3. Participación nos cursos da International Summer School da UDC: 4,5 créditos por curso realizado, hasta un máximo 9 créditos.

O estudiantado interesado solicitará a acreditación correspondente ante a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **8. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS EN PROGRAMAS DE EDUCACIÓN PARA A SUSTENTABILIDADE**

O estudiantado que realizase programas formativos relacionados coa educación para a sustentabilidade organizados pola Oficina de Medio Ambiente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade obterá o correspondente recoñecemento, de acordo cos seguintes criterios e procedementos:

8.1. Recoñecerase 1 crédito por cada 10 horas de formación.

8.2. O estudiantado da UDC poderá obter por estas actividades ata un máximo de 3 créditos por curso académico.

8.3. Os/as estudantes interesados/as solicitarán o recoñecemento ante a Oficina de Medio Ambiente dependente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **9. ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA OFICINA DO CAMPUS INDUSTRIAL**

O estudiantado da UDC poderá obter o recoñecemento de créditos nas seguintes actividades organizadas dende a Oficina do Campus Industrial de Ferrol (CIF):

9.1. Participar na promoción de actividades relacionadas coa internacionalización do Campus Industrial de Ferrol, como o Staff Week e a International Summer School ou outras actividades que fomenten a internacionalización do CIF. Recoñecerase 1 crédito por cada 10 horas de participación.

9.2. Participar na promoción de actividades relacionadas coa transferencia do Campus Industrial de Ferrol, como congresos sectoriais, feiras empresariais, Hackathon ou outras

actividades que fomenten a transferencia do CIF. Recoñecerase 1 crédito por cada 10 horas de participación.

9.3. Participar na promoción de actividades relacionadas coa captación de estudantes no Campus Industrial de Ferrol, como campamentos de verán, feiras científicas, xornadas de portas abertas que fomenten a captación do estudiantado para o CIF. Recoñecerase 1 crédito por cada 10 horas de participación.

Nas tres actividades anteriores só se poden acumular un máximo de 3 créditos por curso académico.

9.4. Asistencia a actividades de formación organizadas no Campus Industrial de Ferrol: 1,5 créditos cada 15 horas, ata un máximo de 12 créditos.

O estudiantado interesado poderá solicitar a acreditación correspondente ante a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social coa indicación da actividade e o período de participación. O/A vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## 10. LÍMITE Á CONCESIÓN DE CRÉDITOS

Non se lle recoñecerán créditos por realizar unha destas actividades formativas ao alumnado que na súa titulación de grao conte con algunha materia, obrigatoria ou optativa, con contidos coincidentes parcial ou totalmente coa dita actividade. Esta regra non será de aplicación no caso de recoñecemento por cursos realizados na International Summer School (7.3 do Anexo I).



## ANEXO II

### RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS RELACIONADAS COAS COMPETENCIAS NUCLEARES DA UDC:

#### 1. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR APRENDIZAXE LINGÜÍSTICA. CURSOS REGULARES DO CENTRO DE LINGUAS (CL)

O estudiantado que realizase cursos regulares no Centro de Linguas (CL) da UDC poderá obter o recoñecemento de créditos por actividades de aprendizaxe lingüística, de acordo cos seguintes criterios e procedementos:

- 1.1. Polos cursos regulares recoñecerase 1 crédito por cada 10 horas.
- 1.2. Polos cursos regulares dunha lingua estudada no bacharelato recoñeceranse créditos por cursos só a partir do nivel B1 ou superior.
- 1.3. O estudiantado de calquera titulación de grao que teña un idioma como materia obrigatoria no seu plan de estudos só poderá obter o recoñecemento de créditos por cursos do nivel B2 ou superior.
- 1.4. O estudiantado de calquera titulación de grao que teña un idioma como materia optativa no seu plan de estudos só poderá obter o recoñecemento de créditos por cursos do nivel B1 ou superior.
- 1.5. O estudiantado daquelas titulacións de grao en que o coñecemento dunha determinada lingua constituía un requisito de acceso, continuación ou finalización dos seus estudos non poderá obter o recoñecemento de créditos por cursos do CL desa determinada lingua.
- 1.6. O estudiantado dos graos de estudos lingüísticos e literarios non poderá obter o recoñecemento de créditos por cursos daquela lingua que constituía a súa especialidade.
- 1.7. Para poder obter o recoñecemento de créditos será necesaria unha asistencia mínima ás clases do 85 %, alén de superar as probas correspondentes.
- 1.8. Non se recoñecerán créditos polos cursos de conversa, así como tampouco polos cursos que non comporten un progreso constatable mediante a superación das probas pertinentes.
- 1.9. Os cursos de idiomas realizados polo alumnado en programas de mobilidade internacional na universidade de destino terán un recoñecemento de 1 crédito por cada 10 horas de curso, sempre que a súa realización sexa certificada pola universidade de destino. Estes cursos de idiomas, para que o alumnado obteña o recoñecemento, deben constar no contrato de estudos como carentes de recoñecemento académico dentro do propio plan de estudo.
- 1.10. O estudiantado interesado solicitará a acreditación correspondente ante a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **2. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS/ACTIVIDADES DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SNL)**

2.1. Por participación en actividades organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL) ou a través das comisións de normalización lingüística dos centros, ao abeiro das convocatorias do SNL: 1 crédito por cada 15 horas.

2.2. O alumnado procedente de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e que non acceda á UDC desde os centros de bacharelato desta comunidade, así como aqueles alumnos que non cursasen lingua galega no bacharelato, poderán obter un recoñecemento de 3 créditos por cursaren e superaren o Curso de Iniciación organizado polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL).

2.3. Para estes efectos, o estudiantado interesado solicitará a acreditación ante a Secretaría Xeral coa indicación da actividade e do período de participación. O/a secretario/a xeral acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **3. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN EN INFORMACIÓN DOCUMENTAL DO SERVIZO DE BIBLIOTECA**

O estudiantado que realice programas formativos relacionados co coñecemento da información documental e coas utilidades bibliográficas do Servizo de Biblioteca da UDC, obterá o correspondente recoñecemento, de acordo cos seguintes criterios e procedementos:

3.1. Recoñecerase 1 crédito por cada 20 horas de formación.

3.2. Para obter o recoñecemento será condición a asistencia, cando menos, ao 85 % das clases programadas e, de ser o caso, superar as probas correspondentes.

3.3. O estudiantado da UDC poderá obter o recoñecemento de 1 crédito por cada 20 horas por estas actividades, ata un máximo de 3 créditos por curso.

3.4. O estudiantado interesado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **4. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES NO “PLAN DE ACCIÓN TITORIAL” (PAT)**

A UDC recoñece a figura de “estudante mentor/a do PAT” como estudiantado con experiencia dentro do PAT nas facultades e escolas, para colaborar co estudiantado que ingrese nun primeiro curso nas titulacións. O estudiantado de grao das titulacións oficiais que imparte a UDC que realice as funcións establecidas na mentoría institucional do seu centro obterá a correspondente acreditación de estudante mentor/a do PAT, despois de cada cuadrimestre, segundo os criterios e procedemento que se indican a continuación:

4.1. Estar matriculado/a no terceiro curso (ou posterior) dun grao do centro no que desenvolve as súas actividades de mentoría institucional do PAT, agás nos graos en proceso de implantación, que só se esixirá a matrícula no segundo curso. O estudiantado



mentor de programas de simultaneidade de estudos que se imparten en diferentes centros poderá desenvolver os labores de mentoría institucional neses centros. No caso dos graos abertos poderá realizar actividades de mentoría o estudiantado que estivera matriculado no primeiro curso do grao aberto no que desenvolve as súas actividades de mentoría.

4.2. Recoñécense 1,5 créditos por cuadrimestre en que o estudiantado realice funcións de mentoría institucional no PAT.

4.3. O/a Vicerreitor/a de Planificación Académica e Innovación Docente acreditará de oficio que se realizou a actividade logo do informe emitido pola coordinación do PAT do centro correspondente, e que será enviado ao estudiantado mentor despois da finalización do período da actividade.

## **5. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES DE TORIZACIÓN DENTRO DO PROXECTO STEMbach**

Desde o ano 2018 a UDC participa no bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía (STEMbach), que busca contribuír a favorecer no alumnado de bacharelato o afondamento no traballo nas competencias matemática e básica en ciencia e tecnoloxía, mediante os elementos e os procedementos de investigación e dos métodos científicos, dun xeito rigoroso, ordenado e crítico, e para desenvolver investigacións propias.

A UDC quere aproveitar a experiencia do estudiantado que participou neste proxecto para realizar a función de alumnado con experiencia (alumnado mentor) co alumnado de bacharelato que desenvolva o seu proxecto STEMbach na UDC.

O estudiantado obterá o correspondente recoñecemento, de acordo cos seguintes criterios e procedemento:

5.1. Recoñécenselle 1,5 créditos por cuadrimestre en que realice funcións como mentor/a, ata un máximo de 6 créditos.

5.2. O estudiantado solicitaralle formar parte deste programa de mentoría á persoa responsable da coordinación do STEMbach da UDC, tras presentar a certificación acreditativa da dirección do centro en que realizou os estudos correspondentes a este programa.

5.3. O estudiantado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente coa indicación do período de participación.

5.4. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade, logo do informe da persoa responsable da coordinación STEMbach da UDC, que será entregado polo/a alumno/a na dita vicerreitoría no momento de realizar a solicitude.

## **6. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN NO CENTRO UNIVERSITARIO DE FORMACIÓN E INNOVACION EDUCATIVA (CUFIE)**

Dentro do Plan de Apoio á Aprendizaxe (PAA) do CUFIE, a UDC está a recoñece créditos ao estudiantado por realizar cursos de formación de acordo cos seguintes criterios e procedemento:

6.1. Recoñecerase 1 crédito por cada 20 horas de formación, ata un máximo de 3 créditos por curso académico.

6.2. O/A Vicerreitor de Planificación Académica e Innovación Docente acreditará de oficio que se superou a formación e enviará ao estudiantado a acreditación correspondente.

## **7. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACCIÓNS FORMATIVAS EN ABERTO XESTIONADAS POLO CUFIE**

A UDC recoñece créditos por realizar accións formativas en aberto (por exemplo, MOOC -Massive en liña open courses- ou NOOC) de acordo criterio e procedemento seguintes:

7.1. Recoñecerase 1 crédito por cada 20 horas de formación en accións formativas en aberto, ata un máximo de 3 créditos por curso académico.

7.2. O estudiantado interesado solicitará a acreditación da superación das accións formativas perante a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente. A solicitude incluírá o/s diploma/s de superación correspondente.

## **8. ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO, COOPERACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN ORGANIZADAS POLA OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO**

O estudiantado da UDC poderá obter o recoñecemento de 1,5 créditos por cada 30 horas de dedicación, ata un máximo de 3 créditos por curso académico, nas seguintes actividades de voluntariado e de cooperación:

8.1. Colaboración en estadias de cooperación, a través dunha convocatoria organizada pola UDC e destinada a favorecer a solidariedade e a cooperación.

8.2. Participación en actividades de formación de carácter social e cooperación ao desenvolvemento coordinadas pola Oficina de Cooperación e Voluntariado.

8.3. Participación en actividades de formación organizadas por entidades de iniciativa social coas que a UDC asinase un convenio de colaboración.

8.4. O estudiantado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación coa indicación da actividade e do período de asistencia. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.



## **9. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN EN IGUALDADE PROMOVIDOS POLA OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO OU POLO CENTRO DE ESTUDOS DE XÉNERO E FEMINISTAS**

O alumnado que realice os cursos citados obterá o recoñecemento de créditos, de acordo cos seguintes criterios:

9.1. Recoñecerase 1 crédito por cada 10 horas de formación, ata un máximo de 3 créditos por curso académico.

9.2. Para obter o recoñecemento será condición a asistencia, cando menos, ao 85 % das clases programadas e, de ser o caso, superar as probas correspondentes.

9.3. O estudantado interesado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, coa indicación da actividade e do período de asistencia. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **10. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN EN RESPONSABILIDADE SOCIAL**

O alumnado que realice actividades formativas organizadas pola Unidade de Atención á Diversidade (ADI) do CUFIE, a UDC Saudable ou outra unidade ou servizo relacionada coa responsabilidade social obterá o recoñecemento de créditos segundo seguintes criterios e procedemento:

10.1 Recoñecerase 1 crédito por cada 10 horas de formación, ata un máximo de 3 créditos por curso académico.

10.2. O/a Vicerreitor/a do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social acreditará de oficio que se superou a formación e enviará ao estudantado a acreditación correspondente.

A Coruña, O reitor

P.D. (RR do 14/01/2020)

A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente Nancy Vázquez Veiga